

DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRO Dan 12, 1-3:

Naquel tempo será salvado o meu pobo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE DANIEL

Naquel tempo alzarase Miguel, o gran príncipe que protexe os fillos do teu pobo. Será época de angustia, tal que nunca a houbo coma ela desde que as nacións existen ata aquel tempo. Mesmamente naquel tempo salvarase o teu pobo: todos os que se atopen inscritos no libro. Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para a vida eterna, outros para a ignominia, para a reprobación eterna. Os sabios brillarán coma o fulgor do firmamento, e os que educaron na xustiza aos demais serán coma as estrelas por toda a eternidade.

SALMO RESPONSORIAL Sal 15, 5 e 8. 9-10. 11

R/ (1): Consérvame, Señor, porque esperei en ti

Ti es, Señor, a miña herdade e a miña sorte,
ti coidas do meu porvir.

Teño ao Señor sempre diante;
con El á dereita non caerei.

Por iso o meu corazón está contento,
as miñas entrañas reloucan
e o meu corpo está seguro.
Ti non abandonarás á morte a miña vida,
nin deixarás que o teu amigo vexa a corrupción.

Mostrarasme o camiño da vida:
a túa presenza énceme de alegría;
a túa dereita, de gozo eterno.

SEGUNDA Heb 10, 11-14. 18:

Cunha única ofrenda deixou para sempre perfectos aos que el santifica

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA ÓS HEBREOS

Todo sacerdote ten que estar de pé a cotío para celebrar o culto e ofrecer un tras outro os mesmos sacrificios, aínda que estes sacrificios de ningún xeito poidan quitar os pecados. Este, en troques, logo que ofreceu un único sacrificio polos pecados, sentou para sempre á dereita de Deus e, deste xeito, non lle queda máis que agardar a que Deus faga dos seus inimigos un estrado para os seus pés. Cunha única ofrenda deixou para sempre perfectos aos que el santifica.

Ora, se hai perdón dos pecados, xa non pode haber sacrificios polos pecados.

ALELUIA Lc 21, 36
Vixiade, orando permanentemente,
para que poidades estar de pé ante o Fillo do home

DOMINGO 33 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 13, 24-32:
Congregou aos seus elixidos de todos os puntos da terra

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

Naqueles días, pasada xa aquela grande angustia, o sol hase escurecer, a lúa deixará de alumar, as estrelas caerán do ceo, abalarán as potencias do ceo. Entón verán vir o Fillo do Home sobre as nubes con grande poder e gloria. E mandará os anxos para reuniren os elixidos desde os catro ventos do cabo da terra ata o cabo do ceo.

Aprendede da comparanza da figueira. Cando lle saen os gromos e bota a folla, comprendedes que o verán está a chegar. Así tamén vós, cando vexades que pasan estas cousas, sabede que xa está pretiño, á porta. Asegúrovos que non pasará esta xeración sen que antes suceda todo isto. O ceo e maila terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.

En canto ao día e maila hora no que isto vai acontecer ninguén sabe nada, nin os anxos do ceo, nin o Fillo; sábeo o Pai soamente.